



Santiago, 11 de marzo do 2019

NOTA DE PRENSA

O Festival Atlántica comeza a súa sétima edición con máis actuacións e sedes ca nunca

- **A canaria Laura Escuela ofrecerá unha función de ‘Animaladas’ na Aula de Pediatría do CHUS**
- **Pep Bruno deleitará a nenos e maiores con ‘Na miña mochila traio contos’ na librería Follas Novas**
- **Vero Rilo e Paula Romero pecharán a xornada con ‘Por unha peseta’ na Borriquita de Belem**

O Festival Atlántica comeza este martes, 12 de marzo, a súa sétima edición, que se vai desenvolver ata o vindeiro día 23 en 16 concellos de toda Galicia: Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Lalín, Teo, Pazos de Borbén, A Fonsagrada, Viveiro, Monforte de Lemos, Guitiriz, A Coruña, Ourense, Vigo, Rianxo, Brión e Cuntis. Están programadas máis de 90 funcións dirixidas a todos os públicos e nas que participarán unha trintena de artistas internacionais e nacionais.

Como salienta a súa directora, Soledad Felloza, trátase do “encontro de narración oral máis grande da Península Ibérica” e de Galicia, “un referente do mundo da lusofonía”. Seguindo a liña doutras edicións, Atlántica recunha con espectáculos para todos os públicos e en espazos diversos. Volverán as contadas en lingua de signos, para bebés e para os maiores, e tamén os paseos con contos. As historias tomarán os teatros, as bibliotecas, os centros cívicos, os bares, as rúas, os parques e mesmo os cemiterios. O festival vai estrear novos formatos, como os contos de orella a orella nas rúas, as contadas cos cans nos parques e tamén haberá tapas atlánticas nos bares e tabernas.

Un triplete para comezar

A primeira función de Atlántica 2019 vai ser, a partir das 18 horas, na Aula de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago. A narradora tinerfeña **Laura Escuela** levará ata alí as súas 'Animaladas', unha sesión de historias tradicionais e álbums ilustrados cos animais como protagonistas que estará acompañada por instrumentos musicais.

Á mesma hora na librería Follas Novas estará o contador **Pep Bruno** de Guadalaxara. O artista brindará unha sesión do seu espectáculo 'Na miña mochila traio contos', dirixido ao público familiar con entrada gratuíta ata completar aforo. Unha invitación a descubrir todas as historias que Bruno vai colleitando nas súas viaxes polo mundo e que constitúen unha auténtica festa da palabra dita.

A primeira xornada do Festival Atlántica rematará cunha función de 'Por unha peseta' da compañía galega Apatacón no local Borriquita de Belem (21 h, 6 euros, venda no local). Neste espectáculo conxunto de **Vero Rilo** e **Paula Romero** converxen voz narrada e cantada "para atopar canto vale unha peseta". Historias de vida próximas e afastadas que se xuntan nunha peza para achegar a partes iguais o humor, a sensibilidade e a tenrura propias da nosa xente. 'Por unha peseta' é unha volta aos tempos dos nosos devanceiros, pero desde un punto de vista actual que respecta os seus saberes, tradicións, historias e retranscricións.

Os artistas

Laura Escuela (Tenerife) é mestra en Educación Infantil, licenciada en Psicopedagogía e conta, a maiores, cun Mestrado en Promoción e Animación Lectoras. Traballa desde hai máis de dez anos arredor do mundo da literatura infantil, a música e a discapacidade. Dedícase á narración oral desde o 2008 e cómpre salientar que nos últimos anos ten levado a cabo proxectos pioneiros de sesións de bebecontos en bibliotecas de Canarias.

Pep Bruno, barcelonés afincado en Guadalaxara, é licenciado en Filoloxía Hispánica, Teoría da Literatura Comparada e diplomado en Traballo Social. Comezou a contar contos en 1994 e desde aquela xa percorreu numerosos festivais de todo o mundo compartindo historias para nenos e adultos. Compaxina a súa actividade como narrador coa súa faceta de blogueiro e coa impartición de cursos, conferencias e obradoiros literarios e de creación. Tamén organiza actividades de animación á lectura, escribe artigos de reflexión en revistas especializadas e colabora decote cos medios de comunicación. No ano 2010, coa obra 'La familia C', ganou o III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado outorgado pola Editorial Kalandraka en colaboración co Concello de Santiago. Os seus libros están traducidos a máis de dez linguas.

Vero Rilo é contadora e educadora. No ano 2013 decidiu mergullarse no eido da narración e formou a compañía Daboapipa e, máis tarde, o dúo Rilo&Penadique a carón de Sonsoles Penadique. É unha participante habitual dos encontros narrativos galegos e tamén das programacións das redes AGADIC, Cultura no Camiño, Programa Apego, Deputación de Lugo, Deputación da Coruña, etc. É unha das transmisoras de emocións máis importantes do momento, unha narradora cunha forza, técnica e expresividade que a fan única e inesquecible.

Paula Romero é unha cantora galega que medrou arredor da música tradicional. Petou forte na pandeireta desde nena e foi máis adiante cando estudou canto moderno. Na actualidade está a traballar nos proxectos De Vacas, A Gramola Gominola e Coro Encaixe.

Máis fotos en: www.flickr.com/photos/festivalatlantica

Os medios están autorizados a descargarlas e a usalas con fins informativos.

Sobre o Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlantista. O seu obxectivo é indagar nas raíces comúns das historias do océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron espallando polos camiños do mar. Toda a información relacionada co programa e cos artistas pódese consultar na web <http://festivalatlantica.gal>.

CONTACTO: **Soledad Felloza** | 635 95 28 20 | festivalatlantica@gmail.com

AXENDA FESTIVAL ATLÁNTICA 2019 | SANTIAGO DE COMPOSTELA

(*= espectáculo de pagamento)

MARTES 12 DE MARZO

"Animaladas". Laura Escuela (Tenerife)

18.00 h | Aula de Pediatría Hospital Clínico | En castelán

"Contar". Pep Bruno (Guadalaxara)

18.00 h | Librería Follas Novas | En castelán

Público familiar

*"Por unha peseta". Apatación (Vero Rilo e Paula Romero)
21.00 | Borriquita de Belem | En galego
6 euros - venda no local
Reservas: festivalatlantica@gmail.com

MÉRCORES 13 DE MARZO

Master class para os alumnos do Curso de Narración Oral
Yoshi Hioki (Xapón) e Maricuela (Teruel)
18.00 h | Centro Xove da Almaciga

*Gala Inaugural
Con Leilía, María da Pontraghá, Soledad Felloza, Celso F. Sanmartín, Quico Cadaval
Dirección escénica de Quico Cadaval
21.00 h | Teatro Principal | En galego
Entradas: Abanca (14 euros+gastos) e billetería do Teatro Principal (14 euros)

XOVES 14 DE MARZO

"Cans, deporte, mocidade e cidade". Iñaki Carretero e Vicente Martínez (Euskadi)
11.00 h | IES Eduardo Pondal

*"Cunqueiro en Compostela". Miguel Vila (Galicia)
18.30 h | En galego
(Contos nas rúas e tabernas) 6 euros
Inscripción: festivalatlantica@gmail.com | Prazas limitadas

Novas voces da narración galega
Cris de Caldas, Lorena Pinheiro, Esteban Yáñez, Lidia Luna e Dani Blanco
21.00 h | Borriquita de Belem e Modus Vivendi | En galego

VENRES 15 DE MARZO

"A Bela Dormente". Pepeperéz (Sevilla)-Banda Municipal de Música de SCQ (Galicia)
10.00 h e 12.00 h | Auditorio de Galicia-Sala Mozart | Espectáculo concertado para escolas

"Os contos do meu baúl". Cris de Caldas (Galicia)
10.00 h | CEE López Navalón

"Cans, deporte, mocidade e cidade". Iñaki Carretero e Vicente Martínez
11.00 h | IES Rosalía de Castro

"Romaría". Raquel Queizás (Galicia)
18.00 h | Centro Cívico de Meixonfrío | En galego
Público familiar. Entrada libre e gratuíta

“Animalada”. Laura Escuela (Tenerife)
18.00 h | Centro Cívico de Vite | En castelán
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“Contos Populares de Xapón”. Yoshi Hioshi (Xapón)
18.00 h | Centro Cívico de Fontiñas | En castelán
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“Os cans tamén contan”. Iñaki Carretero (Euskadi)
18.00 h | Centro Cívico do Ensanche | En castelán
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“O coleccionista de palabras”. Pepeperéz (Sevilla)
18.00 h | Centro Cívico da Pontepedriña | En castelán
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“Historias de don Guti”. José Luis Gutiérrez (Zamora)
18.00 h | Centro Cívico de Vite | En castelán
Encontro de grupos da terceira idade

*“Morte en Compostela. Antigos recintos funerarios”. Carmela Sánchez Arines (Galicia)
18.00 h | Saída | En galego
(Contos nas rúas e cemiterios) 6 euros
Inscripción: festivalatlantica@gmail.com
Prazas limitadas | Entrada libre e gratuíta

“Cun ollo aberto”. Ramiro Neira (Galicia)
19.15 h | Centro Cívico de Conxo | En galego
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“Vai por elas”. Maricuela (Teruel)
“Contar”. Celso Sanmartín (Galicia)
21.00 h | Centro Xove da Almaciga | En castelán e galego
Público adulto | Entrada libre e gratuíta

SÁBADO 16 DE MARZO

“Historias que atopei nos libros”. Iñaki Carretero (Euskadi)
12.00 h | Biblioteca Ánxel Casal | En castelán
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“Chove”. Fátima Villamel (Galicia)
12.00 h | Museo do Pobo | Espectáculo en galego e lingua de signos
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“Vermú de contos”. Narradores do Festival polas rúas da Zona Vella
12.00 h | Praza Cervantes e rúas da contorna | En castelán, galego e portugués
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

“En Compostela, os cans tamén contan”. Iñaki Carretero e Vicente Martínez (Euskadi)
17.00 h | Parque Eugenio Granell | En castelán
Público familiar, cos cans | Entrada libre e gratuíta

“Bebecontos”. Laura Escuela (Tenerife)
18.00 h | Centro Cívico de Santa Marta | En castelán
Para bebés de 1 a 3 anos | Entrada con invitación gratuíta a retirar a partir do 6 de marzo no propio centro

“A Bela Dormente”. Pepepérez (Sevilla) e a Banda Municipal de Música de SCQ (Galicia)
18.00 h | Teatro Principal | En castelán
Público familiar | Entrada libre e gratuíta

*Gala de Clausura

“Vellos contos de novo”. Pep Bruno (Guadalaxara)

“Contos das mulleres do Oeste”. José Luis Guti (Zamora)

21.00 h | Teatro Principal | En castelán

Entradas: Abanca (10 euros+gastos) e billettería do Teatro Principal (10 euros)

DOMINGO 17 DE MARZO

“En Compostela, os cans tamén contan”. Iñaki Carretero e Vicente Martínez (Euskadi)
11.00 h | Parque Eugenio Granell | En castelán
Público familiar, cos cans.